

## COMO ESTIMULAR A APARICIÓN DA LINGUAXE

Para axudar ás nosas crianzas a comunicarse, deixamos á vosa disposición as seguintes estratexias:

- **Situarnos á altura dos ollos da crianza** para falar con ela, tanto para iniciar nós a interacción como para responder á súa demanda.
- Sumarnos á iniciativa da nena e/ou do neno para xogar, para elo primeiro hai que **esperar, observar e escoitar** os sons e palabras, **mostrando atención cara o interese da crianza**.

E para contribuír a crear esa iniciativa comunicativa podemos recorrer a:

- ✓ Colocar os obxectos favoritos lonxe do seu alcance e á vista, por exemplo nun lugar elevado, para que a crianza poda pedilos.
- ✓ Ofrecerlle unha parte de algo que lle guste, como por exemplo un zume, botándolle un pouco e esperando que veña pedir máis.
- ✓ Xogar a pompas ou xoguetes de corda, de maneira que nos necesiten, é dicir, dándolle pouca corda para pedir máis ou facendo poucas pompas e esperando que veñan por máis.
- ✓ Realizar xogos circulares como as cóxegas ou o cabaliño, deter a acción e esperar que pida máis.

E sobre todo, desfrutar do xogo coas nosas nenas e os nosos nenos.